

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DE IAN SHEPHERD

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo venres 9 de xaneiro de 2009, ás 20.30 h, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo - Culleredo), o acto de inauguración dunha exposición do artista Ian Shepherd.

No transcurso do acto tomarán a palabra Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura, Carlos Pereira Martínez, historiador, e o artista.

A exposición permanecerá aberta ao público do 9 ao 24 de xaneiro de 2009 no seguinte horario:

Luns a venres: De 18.00 a 21.00 h.

Sábados: De 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Con esta exposición multidisciplinar do artista Ian Shepherd a Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama inicia a programación do ano 2009.

É Ian un artista poliédrico. Unha das súas caras é o seu labor pictórico (ten realizado exposicións en Betanzos, a Coruña, Cambre ou Ferrol). A súa é unha obra con aires metafísicos que nos lembran, en ocasións, a Giorgio de Chirico. Espazos misteriosos, atmosfera inmóvil, seres de perfís indefinidos, nunha quietude case budista.

Activo defensor da reciclaxe, como el mesmo di, “a reciclaxe está pasando de ser unha moda, para empezar a converterse nunha necesidade”; reciclando, transforma Ian algunhas pezas de refugallo en obxectos artísticos.

Outra das tarefas ás que se dedica é a realización, de maneira artesanal, de lámparas esmaltadas, así como outra ampla variedade de pezas escultóricas.

Se dende hai varios anos contamos coa presenza de Ian Shepherd na Feira de Artesanía e Libro que realizamos na Praza Europa do Burgo, con esta exposición coñeceremos mellor o conxunto do seu labor artístico.

Datos biográficos:

Ian Shepherd naceu en Escocia en 1959. Dende hai varios anos está asentado no Temple (Cambre), onde ten o seu obradoiro profesional, “Originalia”.

A longo do tempo ten realizado cursos de metalurxia, esmaltes e outras técnicas, con diversos mestres. Tamén asistiu a clases de pintura co pintor Manuel Romero.

Entre os anos 2006-2008 ten realizado exposicións en Café Macondo (A Coruña); Café A Repichoca (A Coruña); Café Marfil (A Coruña); Café A Lenda (A Coruña); Café Xolda (A Coruña); Café Capri (Cambre); Café Sevilla (Ferrol); Cervecería Arte (Ferrol); Edificio Liceo (Betanzos).

Culleredo, 7 de xaneiro de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez